



PERÍODO ESPECIAL DE FORMACIÓN ACADÉMICA SEN ASISTENCIA AO CENTRO (DESDE O 16 DE MARZO DE 2020)

INSTRUCCIÓN PARA CONTINUAR COA ACTIVIDADE DOCENTE

Valores Éticos de 1º de Bacharelato

Ola a todas e todos,

este documento contén as primeiras instrucións para continuar coa actividade docente desde as casas xa que non podemos asistir presencialmente ao instituto. Desde os servizos públicos galegos tanto de sanidade como de educación tomouse a decisión o xoves 13 de marzo de suspender a asistencia aos centros educativos para conter a propagación do virus coñecido co nome de coronavirus pois semella ser a medida máis efectiva para deter a súa propagación.

Desde a Consellaría de educación ditáronse instrucións para que continuásemos a actividade académica por medios telemáticos polo que imos facelo desde todos os departamentos. As instrucións da Consellaría fan un fincapé especial no curso de 2º de Bacharelato pola inmediatez das probas para o acceso á universidade para que continuemos co currículo e iso é o que imos facer. O anterior non quere dicir que os demais cursos da ESO e de Bach non deban atenderse coa mesma interese. Pensade que para as medias (necesarias para becas, ciclos, premios...) tanto da ESO como de Bach teránse en conta todos os cursos ademais de que unha boa preparación nas materias do curso anterior vai facilitar o éxito no seguinte curso. Lembra que é moi importante facer un exercicio de disciplina para manter un certo hábito de traballo e estudo que facilite a volta a actividade normal.

Realizada esta breve introdución comezo a **detallar as actividades** a realizar para cada nivel:

1º BACHARELATO

VALORES ÉTICOS

-Materia e profesor/a: VALORES ÉTICOS. Lupe Morilla

-Tarefa: REALIZACIÓN DO TRABALLO que xa estaba en proceso sobre a loita polos dereitos das traballadoras a través das reivindicacións do 8 de marzo dende a súa orixe histórica.



-Data e hora da clase: Luns 16 e 23 de marzo de 2020 ás 12:30h. Este traballo será en principio recollido cando regresemos ao centro, en caso de que se alongue a situación se remitirá por correo electrónico (disto xa falaremos en caso oportuno).

-Temporalización: O prazo de entrega e presentación oral será o día 30 de marzo, en caso de non reanudar a docencia presencial será presentado por correo electrónico o longo da sesión do luns 30 de marzo.

-Envío do exercicio realizado: o exercicio escrito debe contar co nome e o grupo de xeito claro. Os exercicios pódense facer en documento dixital (formato pdf) e enviado a lupemorilla@edu.xunta.es como data tope o mércores 30 de marzo ás 13:20h. **Todo arquivo** que envies debe ter de inicio **o voso** primeiro apelido, nome e valéticos1bach. Exemplo se fora eu: **morillalupevaléticos1bach**. **No asunto** do correo electrónico poñede **valéticos1bach**

-Correccións:

CUALIFICACIÓN: Os criterios para corrixir os traballos son os seguintes:

- Portada con información pertinente
- Guión-índice e explicación do traballo que imos facer
- Emprego de bibliografía e Webgrafía
- Cantidade e calidade da túa análise persoal
- Uso de imaxes ou informes de fontes fiables que melloren a calidade do teu traballo
- Indicación das fontes usadas ao final e durante a realización do traballo

PONDERACIÓN PARA A NOTA:

Traballo 80% do peso da nota da avaliación o 20% restante o feito na clase ata a fecha.

INDICACIÓNS CORRECCIÓNS PARA MELLORAR: as indicacións de erros ou formas de mellorar serán feitas mediante o correo electrónico.

PD: as dúbidas que teñades podedes realizadas preferiblemente a través de correo electrónico preferiblemente.

RECORDO O MEU CORREO ELECTRÓNICO

lupemorilla@edu.xunta.es